

**Anuncio**

Elevado a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o período de exposición ao público, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 17 de febreiro de 2010, de aprobación provisional do expediente de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de viaxes á praia no municipio de Paradela.

De conformidade co disposto no art. 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto íntegro da ordenanza, sen que esta entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Contra a ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

**ARTIGO 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA.**

De conformidade co establecido no art. 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e arts. 2.1.e, 41 a 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese o prezo público pola prestación do servizo de viaxes á praia no Concello de Paradela, que rexerá pola presente ordenanza reguladora.

**ARTIGO 2º: FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible deste prezo a prestación do servizo de viaxes á praia no Concello de Paradela.

**ARTIGO 3º: SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos e obrigados o pago do prezo público as persoas que se beneficien do servizo.

**ARTIGO 4º: OBRIGA DE CONTRIBUIR.**

A obriga de contribuír nace dende que se inicie a utilización do servizo mediante a subida ao autobús contratado para a realización da viaxe.

**ARTIGO 5º: CONTÍA.**

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será o resultado das tarifas seguintes:

Empadroados no Concello de Paradela.

- Adultos e menores a partir de 14 anos: 7,00 euros.
- Menores de 14 anos: Exentos.

Non empadroados no Concello de Paradela:

- Adultos e menores a partir de 14 anos: 12,00 euros.
- Menores de 14 anos: 6,00 euros.

**ARTIGO 6º: XESTIÓN DO COBRO.**

O pago do prezo público realizarase en efectivo.

A xustificación do pago levarase a cabo mediante recibo que se entregará á persoa que o realice.

A realización material da recadación do prezo público corresponde aos servizos sociais, servizo responsable da xestión do programa que xera o ingreso. Os servizos sociais deberán proceder ao ingreso do cobrado en cada viaxe nas entidades fi nancieiras nas que ten aberta conta este Concello dentro dos tres días hábiles seguintes.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modifi cación aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de data 25 de febreiro de 2010, entrará en vigor e será de aplicación a partir da súa publicación íntegra no BOP, unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modifi cación ou derogación expresa.

Paradela, 21 de abril de 2010

O Alcalde-Presidente,  
José Manuel Mato Díaz.